

# Resignadas

LAS MUJERES NO ESTARÁN OBLIGADAS

Expectativas

género mujer

histeria

SOCIEDAD

estigma

PATRIARCADO

discurso

contra

INFELICES

piropos

hegemonia

CULTURAL

odio

prejuicios

delitos contra  
as mulleres

dolor

Educación

miedos

DERECHOS

riesgo

parches

POLÍTICO

LA OTRA

DINÁMICA

LUCHA

FUERA DE LUGAR

éxito

sin familia,

sin hogar,

SEXUALIDAD

IGUALDAD

independencia

ORGULLO

delitos contra  
as mulleres

«Violencia xudicial»

insuficiencia

destrucción

conflicto

Aislada

dolor

normalizar

diversidad

miedos

Educación

DERECHOS

riesgo

parches

POLÍTICO

LA OTRA

DINÁMICA

estigma

mal estructural

PATRIARCADO

Generación invisible.  
cristal.

vivir sola

duda

Apatía

feminismo

precariedad

atractivo

carga

«miedo»

soledad

femenina

Intenta mantener la com-  
postura y evita discutir.

BELLEZA

guapa

cuerpazo

recursos

pequeña

cuerpo

QUÍTATE UNOS  
CUANTOS AÑOS Y  
SUMA ATRACTIVO

un delito de violencia

delgada

juzgada

discurso

Mulleres

contra

mulleres

as mulleres

deprimida

INFELICES

piropos

amor romántico

hegemonia

antifeminista

sociedad

tradición

complicidad

CULTURAL

barreras

odio

crítica

prejuicios

distorsión

lenguaje,

víctima

libertad sexual

identidad

pareja

matrimonio

libertad

visibilidad

credibilidad

delitos contra  
as mulleres

«Violencia xudicial»

insuficiencia

destrucción

conflicto

Aislada

dolor

normalizar

diversidad

miedos

Educación

DERECHOS

riesgo

parches

POLÍTICO

LA OTRA

DINÁMICA

estigma

mal estructural

PATRIARCADO

Generación invisible.  
cristal.

vivir sola

duda

Apatía

feminismo

precariedad

atractivo

carga

«miedo»

soledad

femenina

Intenta mantener la com-  
postura y evita discutir.

BELLEZA

guapa

cuerpazo

recursos

pequeña

cuerpo

QUÍTATE UNOS  
CUANTOS AÑOS Y  
SUMA ATRACTIVO

un delito de violencia

delgada

juzgada

discurso

Mulleres

contra

mulleres

as mulleres

deprimida

INFELICES

piropos

amor romántico

hegemonia

antifeminista

sociedad

tradición

complicidad

CULTURAL

barreras

odio

crítica

prejuicios

distorsión

lenguaje,

víctima

Odio, prexuízos, estigmas, estereotipos...: o pan de cada día. Parecera que, canto máis avanza a sociedade, canto máis cerca estamos de lograr esa tan utópica (que non imposible) “sociedade xusta”, máis afloran nas rúas e nas institucións os discursos de odio.

Queren facernos crer que non é odio, secundándose na “liberdade de expresión”, un concepto un pouco curioso. “Liberdade de represión” chamaríao eu. Os que sempre estiveron arriba temendo que os de abaixo lles arrebaten o seu sitio na cima, que o statu quo cambie e se revertan os roles, quedando eles abaixo, obxectos de opresión e, os que hoxe en día o son, se convertan en suxeitos. Mais non: non queremos vinganza, queremos xustiza. Por iso alzamos a voz ante un sistema inxusto no que nos impoñen como obxectos e nos impiden exercer como o que realmente somos: suxeitos.

Cando falamos de discursos de odio referímonos a calquera forma de expresión que difunda, incite, promova e/ou xustifique o odio ou desprezo baseado na intolerancia. Este tipo de discursos atenta contra os principios máis básicos necesarios nunha sociedade democrática, polo que supoñen un problema de exclusión e discriminación ao apartar a certos colectivos da participación social, promovendo así a asimetría social. A vitoria deste tipo de discursos é conseguir que a propia vítima comece a desprezarse a si mesma por mor do desprezo alleo (Cortina, 2017).

Estes discursos aféctannos en moitas dimensións, pero para a cartografía nos centraremos en como afectan aos nosos corpos seguindo a visión da Cosmovisión Maia e as catro dimensións da integralidade humana: mental, emocional, física e relacional.

A cartografía que representa este relato podería definirse como caótica. Un maremagnum de palabras que a primeira vista poden parecer inconexas, pero nada máis afastado da realidade. O odio é como unha néboa que nos envolve e condiciona en todos os aspectos da nosa vida.

O corpo, no centro, convencional e socialmente recoñecido como “feminino”, está rodeado do que eu chamaría imposicións e salvavidas. Áncoras e flotadores que afoğan e salvan, ou iso parece. O que se espera dunha muller, que é o que son, e a forma na que me socializaron, e o que eu, como muller, quero ter a oportunidade de vivir.

A loita pola identidade propia, afastada do que de nós se espera: muller, nai, esposa... Non. Quero ter a oportunidade de non ser a de ninguén. Nin unha solteirona, nin quedar para vestir santos, nin unha histórica, nin unha etiqueta máis. Quero que o conflito interno co que vivo e co que a sociedade me impón vivir desapareza para poder ser, sen máis. Quero poder elixir o meu camiño sen sentirme culpábel por non ter escollido aquel que “me toca”. Quero ser libre, e que todas as demais o sexan comigo.

A presión estética tamén contribúe a este conflito interno: esíxesenos beleza. Si ou si. E non de calquera tipo, senón da que eles crean. Canons imposíbeis de alcanzar por unha simple humana que o único que quere é vivir en paz, fuxir dun corpo que lle presentan como “non válido”, nunha sociedade na que validez é sinónimo de beleza (ollo, nos corpos das mulleres).

Infelicidade, carga, medo, dúbida. A carga de non ser feliz cun corpo que non fai máis que intentar que o sexas mentres ti non fas máis que intentar cambialo. A infelicidade como carga nun sistema que rexeita que non podas alcanzala. Un sistema que vende o *body positive* dicindo que todos os corpos son bonitos, confundindo, unha vez máis, válido e bonito, cando ti non es quen de encontrar a túa propia beleza por ningures.

Un sistema que visibiliza o que xa está visibilizado e estigmatiza a diversidade real. Unha sociedade de parches que, en lugar de eliminar as barreiras, camufla os síntomas para que pareza que xa non as hai.

Unha linguaxe que serve de ferramenta para a invisibilización da outra, das outras. Que distorsiona o que se di para que non pareza o de antes. Cambia o continente, pero non o contido.

A resignación como bandeira, a apatía como modo de loita, o feminismo como ¿salvación? Podería ser. Orgullosas de liberar(se) e (en ocasións) cansadas de loitar. Un combate incesante na que o illamento se convirte en rutina e a rutina en dor. Dor por non ser quen de ver cambios; medo por se nalgún momento deixamos de loitar; risco polo simple feito de facelo.

“Non estades obrigadas”, escoitamos en ocasións. “Xeración de cristal, queixádesvos por todo”. “É que non se pode falar xa de nada”. “Sodes unhas esaxeradas”. “Histéricas”. Non temos porqué, pero que nin se nos ocorra non facelo. Seredes xulgadas por iso e o xuíz patriarcado está lexitimado por demasiados anos de percorrido e leva moito sen perder un xuízo. E, como xa sabedes, a vosa credibilidade brilla pola súa ausencia.

As expectativas do que “deberíamos ser” pesan sobre os nosos ombreiros como se dunha mochila de cen quilos se tratara. “Tes que ser guapa, pero non provocar”; “tes que estar delgada, pero non demasiado”; “tes que ter éxito, pero non máis que un home”; “tes que ter fillos, pero non desatender a túa carreira profesional”; “mala nai” se os tes e non os crías; “egoísta” se decides non telos por dedicarte á túa profesión.

Un aluvión de mensaxes contraditorias que nos fan querer ir en demasiadas direccións, moitas delas incompatibles, e que fan que nos mareemos e non nos movamos do sitio. Un sitio, por certo, que é punto de partida, e que non é o mesmo para todas. Un punto

de partida que xa ten unha ruta marcada e fronte ao que o único que podemos facer é seguir. En línea recta. Sen mirar atrás. Sen mirar as que quedan atrás. Aínda que sexamos nós mesmas.

Somos o que somos porque a sociedade así o impuxo, e xa estamos fartas. Polo menos eu estou: farta de barreiras, de prexuízos, de estigmas, da escaseza de recursos, dos estereotipos. Farta de loitar nun mundo que cho impide. Farta de xirar na dirección contraria.

Farta de ser por outros, pero nunca de loitar polas outras.

### *Bibliografía*

Cortina, Adela (2017). ¿Cómo superar los conflictos entre el discurso del odio y la libertad de expresión en la construcción de una sociedad democrática? *Anales de la Real Academia de Ciencias Morales y Políticas*, 94, 77-92.